

Acta da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

2 de outubro de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria ordinaria da CAM do 02/10/2023
- II. Asistentes da CAM do 02/10/2023
- III. Listaxe provisional de alumnado admitido no máster

Ábrese a sesión ás 11 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta da Comisión, Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2023.

A CAM aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. Informe da Presidenta

A presidenta informa acerca dos seguintes temas:

- 19 xullo. Sesión informativa sobre orientación profesional e académica dirixida ao alumnado de 4º curso dos graos da Escola. Cabe indicar que non asistiu ninguén aínda que estudantado interesado en cursar o máster solicitou información directamente á coordinadora da titulación por vía telefónica.
- En xullo defendéronse 3 TFM e hai 3 posibles solicitudes de adianto de defensa neste cuadrimestre.
- 1 outubro. Desde o Servicio de Estudos de Posgrao achegaron o PDF xerado ao introducir toda a información do novo plan de estudos na plataforma habilitada polo Ministerio e solicitan que se revise se a información está debidamente trasladada á plataforma e se indique o ámbito de coñecemento. O labor da revisión realizarala a coordinadora da titulación e a elección do ámbito de coñecemento trátase nun punto da orde do día da sesión.
- Solicitud de excelencia: Infórmase que non se resolveu aínda a convocatoria de Mención á Excelencia para titulacións de Máster, á que a UVIGO presentou a solicitude da titulación.

- 18 setembro. Xornada de benvida ao alumnado de novo ingreso. Debido aos problemas coa matrícula xurdidos pola implantación de SIGMA, iniciouse o curso sen ter información do estudantado matriculado en cada materia. Por elo a coordinadora da titulación contactou ao estudantado para pescudar de que se ían matricular e informar ao profesorado mediante o espazo COOR de MOOVI. Cabe indicar que a data actual aínda non están resoltos os problemas da matrícula en SIGMA, polo que non se dispón de datos fiables e actualizados da matrícula.

3. Aprobación, se procede, do ámbito de coñecemento do Máster.

A Presidenta lembra que na memoria do plan novo do Máster deixouse en branco o ámbito de coñecemento porque valorouse que ningún dos ámbitos recollidos na listaxe adaptábase á titulación. En paralelo fíxose unha reclamación ao Ministerio (desde CODEIME) solicitando a inclusión dos ámbitos de enxeñaría de minas e enerxía na devandita listaxe. Desta reclamación non chegou resposta. En calquera caso, para poder tramitar a solicitude de modificación da memoria, esíxese a elección dun ámbito, polo que é preceptivo seleccionar o ámbito de coñecemento. A continuación amosa os ámbitos dispoñible e sinala os máis próximos ás temáticas da titulación.

Teresa Rivas pregunta que consecuencias ten esta elección. A Presidenta responde que tal vez nos procesos de acreditación, pero que fixo unha consulta e tampouco recibiu resposta; engade que, en paralelo, está pendente a revisión da listaxe e doutras normativas.

Tras un breve debate propónse elixir o ámbito *“Ingeniería química, ingeniería de los materiales e ingeniería del medio natural”* e, se é posible indicar un ámbito secundario, *“Arquitectura, construcción, edificación y urbanismo, e ingeniería civil”*.

Apróbase a proposta por asentimento.

4. Valoración das solicitudes de admisión ao Máster. Aprobación, se procede, da listaxe provisional de admitidos.

A Presidenta amosa as solicitudes achegadas. Indica que no primeiro prazo houbo 0 solicitudes e 3 no segundo pero con moitos problemas para a matrícula pola implantación de Sigma. No terceiro prazo houbo 5 preinscricións pero aínda non comezou o correspondente prazo de matrícula.

Sinala que todas as solicitudes son de titulacións con acceso directo excepto dúas. Trátase caso por caso, a partir das propostas da coordinadora, indicando tamén se solicitaron matrícula a tempo parcial. Unha solicitude suscita dúbidas en relación aos complementos de formación máis axeitados; tras un debate suxírese que Marta Cabeza estude o caso máis polo miúdo para axustar a proposta de complementos de formación en relación á enxeñaría de materiais.

Apróbase a proposta, pendente da valoración sinalada, delegando na Presidenta a decisión final. Deste xeito, a Comisión acorda, por asentimento, a listaxe provisional de persoas admitidas nos termos recollidos no Anexo III.

5. Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula a tempo parcial.

A Presidenta sinala que as solicitudes xa se comentaron no punto anterior; todas están ben xustificadas porque se trata de persoas que están traballando, polo que se emite informe favorable a todas as solicitudes de matrícula a tempo parcial (información recollida no Anexo III).

A Presidenta sinala que tal vez sexa convinte, de cara ao futuro, facer un axuste dos horarios para que nestes casos o estudantado que compatibiliza os estudos co seu traballo teña opción de asistir ás prácticas.

Apróbanse as solicitudes por asentimento.

6. Asuntos de trámite.

Non hai.

7. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dous de outubro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria ordinaria da CAM do 02/10/2023

Por orde da súa Presidenta, convócase a tódolos membros da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas a unha sesión ordinaria prevista para o luns 2 de outubro, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 horas en segunda, na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto**¹, e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2023.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, do ámbito de coñecemento do Máster.
4. Valoración das solicitudes de admisión ao Máster. Aprobación, se procede, da listaxe provisional de admitidos.
5. Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula a tempo parcial.
6. Asuntos de trámite.
7. Rogos e preguntas.

Vigo, 28 de setembro de 2023

O Secretario da CAM

Guillermo García Lomba

¹ Indicacións: acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal IDLD6QsL (ele-De- Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por *email* ao secretario da CAM (guille@dma.uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

MEMBROS DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS



ANEXO II

Asistentes da CAM do 02/10/2023

Asistentes á CAM do 2 de outubro de 2023	
Elena Alonso Prieto	Presidenta
Guillermo García Lomba	Secretario
Marta Cabeza Simó	Vogal
Teresa Rivas Brea	Vogal
Ana Rodríguez Rodríguez	Vogal

Desculpa a súa ausencia María Araújo Fernández.



ANEXO III

Listaxe provisional de alumnado admitido no máster.

Listado de estudiantado de primer curso y matrícula 2023-2024
 Máster Universitario en Ingeniería de Minas

Nombre y apellidos	Grado acceso	Admisión	Materias de las que se tiene que matricular en Módulo 1	Complementos de formación (del Grado ERME)	Solicitud matrícula a tiempo parcial	Materias en las que se matricula (en base a la información proporcionada por el estudiantado)
Paula Teixeira Melón	Graduada en Ingeniería Mecánica	SI	Procesos de Carboquímica y Petroquímica (6) Energía térmica convencional y renovable (3) Fundamentos de generación eléctrica (3) Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOSS (4,5)	Geología Voladuras	Si	Fundamentos de generación eléctrica Explotación sostenible de recursos mineros Diseño y ejecución de obras subterráneas Ingeniería de taludes (a mayores, no como parte del currículo del máster) Ingeniería de minerales y materiales Matemáticas avanzadas
Marco Romio (Erasmus)	Ingeniería Obra Civil	S	Erasmus ajeno			Recursos Renovables y No Renovables. Geomática Avanzada Procesos de Carboquímica y Petroquímica
Amanda Franco Sardinha	Graduada en Ingeniería de la Energía	SI	Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOSS (4,5) Explosivos y voladuras (6) Obtención y transformación de materiales metálicos (6)	No	No	Obtención y transformación de materiales metálicos Explotación sostenible de Recursos mineros Explosivos y voladuras Diseño y ejecución de obras subterráneas Modelización y evaluación de Recursos Ingeniería de materiales y minerales Ingeniería del agua Matemáticas avanzadas Ingeniería de explosivos Ingeniería minera
Xiana Ferrer Feás	Graduada en Ingeniería de la Energía	SI	Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOSS (4,5) Explosivos y voladuras (6) Obtención y transformación de materiales metálicos (6)	No	SI	Explosivos y voladuras Explotación sostenible de recursos mineros Ingeniería minera Ingeniería de explosivos
Alicia del Moral Queiro	Graduada en Ingeniería de la Energía	SI	Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOSS (4,5) Explosivos y voladuras (6) Obtención y transformación de materiales metálicos (6)	No	SI	Explosivos y voladuras Explotación sostenible de recursos mineros Ingeniería minera Ingeniería de explosivos
Diana Martínez	Graduada en Ingeniería de la Energía	SI	Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOSS (4,5) Explosivos y voladuras (6) Obtención y transformación de materiales metálicos (6)	No	SI	Explosivos y voladuras Obtención y transformación de materiales metálicos Ingeniería de materiales y minerales Ingeniería de explosivos Matemáticas avanzadas.

Listado de estudiantado de primer curso y matrícula 2023-2024
Máster Universitario en Ingeniería de Minas

Pablo Barcala Maneiro	Graduado en Ingeniería de la Energía	SI	Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución de OOS (4,5) Explosivos y voladuras (6) Obtención y transformación de materiales metálicos (6)	No		
Bouzar ,Boumediene	Licenciado en Ingeniería Civil. Universidad Abou Bekr Belkaid Tremecén		Procesos de carboquímica y petroquímica (6) Energía térmica convencional y renovable (3) Fundamentos de generación eléctrica (3) Explotación sostenible de recursos mineros (7,5) Diseño y ejecución OOS (4,5)	Geología (6) Circuitos y máquinas eléct. (6) Tecnología de materiales (6) Voladuras (6)		

Acuerdo ratificado en Comisión Académica del Máster Universitario en Ingeniería de Minas en sesión celebrada el 2 de octubre de 2023

Asdo. Elena Alonso Prieto